

Rompente, poesía e insolencia

Galiza espreguizábase após 40 anos de ditadura. Nas rúas decidíase entre ruptura e reforma. Nos escritorios dos poetas tamén. O grupo **Rompente**, cuxo núcleo formaban **Antón Reixa**, **Manuel M. Romón** e **Alberto Avendaño**, axiña tomou partido. E, como de deduce do seu nome, non o fixeron pola reforma. Os nenos terríbeis da poesía galega reúnen-se esta sexta feira, 4 de outubro, por primeira vez en catro décadas. Será dentro do Festival Kerouac.

Daniel Salgado

04 de outubro de 2019

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/rompente-poesia-insolencia/20191003185629084745.html>

“Xuntámonos e foi como retomar unha conversa de hai 40 anos, como unha continuación”, explica a *Sermos Galiza* Romón (Vigo, 1956). Esa é exactamente o tempo que pasou entre a publicación dos Tres tristes tigres, un libro por cada un dos Rompente que axitaron as augas da literatura galega da época: *galletas kokoscha* non, do propio Romón; *As ladillas do travesti*, de Reixa, e *Facer pulgarcitos tres*, de Avendaño.

Autoeditadas grazas a un crédito solicitado por Antón Reixa, distribuídas a man por rúas, feiras e mercados, con megáfono e carteis en papel do que se usaba no circo, aquelas obras incorporaban ferramentas, repertorios e métodos insólitos na poesía galega da altura. Colaxes e paisaxe urbana, violencia política e humor salvaxe, experimentalismo formal e insurrección sintáctica. *¡Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio!*, titularon un manifesto de 1979 e escollendo unha estirpe en que tamén estaba Ferrín.

É Reixa (Vigo, 1957) quen sintetiza a actitude xeral da banda nun “punto de insolencia”. “Era un intre moi político, discutíase entre reforma e ruptura, e asumimos a ruptura na parte cultural”, di a este xornal, “se cadra cun pouco de sobreactuación, mais era o que cumpría naquela época”.

“o libro reventou / o vello camiño é o novo / o comercio do poeta é a súa gorxa / o seu corpo a fábrica / os clientes tódolos que sinten frío / cando lle dis a un poeta / 'a túa voz fala por nós' / alégrase / pero moito máis se alegra se é / que falades por vós mesmos”, abría o *Silabario da turbina* (1977), o primeiro dos dous volumes colectivos dun grupo que pasou da “Resistencia Poética” á “Comunicación Poética”.

“Tirámonos á area como gladiadores, porque era imposible que os altos estamentos literarios fixesen caso a tres rapaces de entre 18 e 23 anos”, fai memoria Alberto Avendaño (Vigo, 1957), que acaba de retornar á Galiza xubilado logo de 30 anos traballando nos medios en Estados

Unidos. “Queríamos tomar non o poder político, aínda que tiñamos ese nesgo –cada un diferente, por certo–, senón o poder poético”, comenta.

As *performances* de Rompente excederon calquera expectativa. Avendaño pasaba polo aro dun *hula hoop* e Reixa lía con pantis negros. **Julián Hernández**, músico despois en **Siniestro Total**, axudaba. E no apartado gráfico das publicacións eran habituais **Menchu Lamas** e **Antón Patiño**. “Pero as *performances* xa existían, xa existira a **Beat Generation**, xa existira o **Cabaret Voltaire**”, sinala Avendaño, “e nós tiñamos unha formación literaria e unha curiosidade moi seria para a época”.

Tan seria que Reixa afirma conservar “basicamente o mesmo posicionamento estético. Non vexo Rompente contraditorio coas posturas que mantiven despois”. Tan seria que os levaba, en palabras de Manuel Romón, a **okupar** espazos. “Queríamos desacralizalos, levarmos a poesía á rúa, ás festas. Sacarlle as cores aos templos da cultura. Foi un tempo de celebración, e de esperanza. Percibíase a posibilidade de ultrapasar o que había. E xa ves o que veu”, expón.

Rompente desligaron camiños en 1983, logo do libro colectivo **A dama que fala**. Na conversa reanudada á que se refiren por separado os tres membros e que este 4 de outubro adquirirá relevo público, o grupo valerase de textos da etapa inicial e doutros recentes. Os tres continuaron escribindo libros e aínda que a relación tivo intres máis e menos intensos, “40 anos non é nada”, segundo Avendaño, “o tempo é sempre relativo”. Divertido, define os lazos entre eles como “intanxíbeis, suprapartidarios e metaideolóxicos”.

Manuel Romón menciona o “popurri de textos” que usarán en Vigo e confía en que a poesía de Rompente aínda dirá algo desta época ao seu xeito tamén convulsa. “Póño-me estupendo, pero como responde a poesía de **Manuel Antonio**? A nosa, igual. Se dicía algo no seu día, seguirao dicindo hoxe”, asegura. E Reixa mesmo atopa analoxías de contexto: “Aquel curtocircuíto entre reforma e ruptura aínda está vixente e explica, por caso, o bloqueo político, ou como non se resolveu nin a memoria histórica nin a recente”.